

1º. Aceptar a renuncia de Ethel María Vázquez Mourelle como deputada do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña, na lista correspondente ao Partido Popular de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do Regulamento.

2º. Declarar decaídas todas as iniciativas parlamentarias formuladas pola deputada a título individual.

3º. Notificar o presente acordo á interesada, á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, ao portavoz do G.P. Popular de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce plenos efectos desde o 30 de decembro de 2025.

4º. Notificar este acordo á Xunta Electoral de Galicia.

5º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do letrado oficial maior, do 23 de decembro de 2025, pola que se nomea a David González Alonso como membro suplente do Comité de intervención no procedemento para a prevención do acoso laboral e doutras discriminacións no traballo.

O Plan de prevención do acoso laboral e outras discriminacións no traballo, aprobado por acordo da Mesa do Parlamento do 27 de xuño de 2017 e publicado no BOPG núm. 138, do 30 de xuño de 2017, establece no seu apartado 5 a creación dun Comité de Intervención.

O dito comité estará formado por dúas persoas en representación da Administración e mais dúas persoas en representación das organizacións sindicais con presenza na Xunta de Persoal ou persoas designadas por ela. Designaranse do mesmo xeito e no mesmo número os membros suplentes deste comité.

Pola Resolución do letrado oficial maior do 22 de novembro de 2017 foron nomeados os membros titulares e suplentes do Comité de Intervención.

Ao producirse unha vacante nos membros suplentes da comisión de entre as persoas nomeadas en representación da Administración,

RESOLVO:

1. Nomear, en representación da Administración, a David González Alonso, con DNI nº 44456318D, como membro suplente do Comité de Intervención no procedemento para a prevención do acoso laboral e doutras discriminacións no traballo.



2. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3. Comunicarlle este nomeamento ao interesado, ao Comité de Seguridade, Saúde e Benestar Laboral e ao servizo de Persoal e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 15 de decembro de 2025, polo que se anuncia a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación en prácticas no Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 15 de decembro de 2025, resolveu anunciar a convocatoria para a concesión de seis bolsas formativas co obxecto de realizar unha formación en prácticas nas materias de comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e contratación e xestión parlamentaria, e unha bolsa destinada a persoa con discapacidade intelectual para a formación en práctica nas áreas de asistencia xeral e administrativas.

BASES DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE BOLSAS PARA A FORMACIÓN EN PRÁCTICAS NO PARLAMENTO DE GALICIA

Primeira. Obxecto

O obxecto da convocatoria é a concesión das seguintes sete bolsas:

1. Seis bolsas individuais para contribuír á formación en prácticas de persoas con titulación universitaria. As modalidades de bolsa que se convocan son as seguintes:

- a) 2 bolsas en comunicación institucional.
- b) 2 bolsas en publicacións.
- c) 1 bolsa en recursos humanos e contratación.
- d) 1 bolsa en xestión parlamentaria.

2. Unha bolsa adicional destinada a persoas con discapacidade intelectual igual ou superior ao 33 por cento, con titulación universitaria ou formación profesional, para contribuír á súa formación nas áreas de asistencia xeral e administrativa.

Segunda. Condicións xerais

- 1. As bolsas serán indivisibles e improrrogables.
- 2. A concesión e o gozo da bolsa non suporá vinculación civil, laboral ou funcional entre a persoa bolseira e o Parlamento de Galicia ou a súa Administración.

